

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN
CURSO DE FRAUTA

Nome: _____

Curso: _____ Idade: _____

Tlfn: _____

Correo-e: _____

Modalidade do curso:

Activ@ Oínte

Centro de estudos musicais: _____

Repertorio proposto para traballar no curso:

Organiza

Departamento de Vento Madeira
CMUS Profesional de Santiago de Compostela
Rúa Monte dos Postes, s/n
15703 Santiago de Compostela
Tfno: 981 51 98 45
cmus.santiago@edu.xunta.gal



www.conservatoriosantiago.gal

Curso 2022/2023



CURSO DE FRAUTA



ANA FERRAZ

17, 18 e 19 de marzo de 2023

En 2018 obtivo o 1º Premio do “XX Concurso de Interpretación de Estoril por unanimidade do xurado”.

Actuou en varios festivais (destacando: Festival Musikverein, o Festival de Salzburgo, Festival Internacional de Música de Póvoa de Varzim, Bolzano, Ravello Saarbrücken, InClassica Festival Dubai ou o de Santander, entre outros). Colabora regularmente coa Berliner KammerPhilharmonia, onde é primeira frauta desde maio 2022.

Ana Ferraz comezou a estudar en Maia, Porto, e máis tarde en ARTAVE, na clase de Profesor Marco Pereira, onde en 2013, obtivo o premio de mellor alumna do curso. Posteriormente, incorporouse á clase de Michel Bellavance en HEM Gevève (2013- 2016), onde terminou a titulación coa máxima clasificación e distinción do xurado no recital final sendo bolseira da Fundación Helene e Victor Barbour.

Continuoi os seus estudos con Julien Beaudiment, no CNSMDL (2016-2018), cunha bolsa da Fundación Calouste Gulbenkian, onde unha vez máis terminou o seu máster en interpretación, con mención do xurado. Tamén estudou con Vicens Prats (2019), na ESMUC. En 2019, foi seleccionada como primeira frauta da Gustav Mahler Jugendorchester 2019-2021. Como culminación da excelencia na súa traxectoria académica, Ana Ferraz realizou un curso de posgraduado na ESMRS (2020-2022) con Jacques Zoon, no que foi recoñecida pola súa Maxestade a Raíña Dona Sofía, como "Alumna máis sobresaliente" do curso 2021-2022. Para o ESMRS contou co apoio da Fundación Santander Portugal (2020-2021) e a Fundación EDP.

Na actualidade realiza un doutoramento en Estudos Musicais e Artísticos na Facultade de Letras da Universidade de Coimbra ao tempo que desenvolve unha intensa carreira internacional actuando con orquestras en festivais de renome.

CONTIDOS DO CURSO

Os horarios das clases individuais estableceranse unha vez feita a matrícula, terase en conta na medida do posible a dispoñibilidade horaria do alumnado.

- Venres 17 de marzo de 16:00 a 20:00 h
- Sábado 28 de marzo de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.
- Domingo 19 de marzo 10:00 a 14:00.

*Suxeito a posibles modificacións



INFORMACIÓN XERAL

Datas: 17, 18 e 19 de marzo.

Lugar: CMUS Profesional de Santiago

Prezos:

- Activ@s (alumnado do Centro): 50€
- Activ@s (alumnado de fóra do Centro): 70 €
- Oíntes 10 €

MATRÍCULA

Prazo de inscrición: ata o 13 de marzo.

Para realizar a matrícula deberá entregarse na secretaría do Centro o boletín de inscrición xunto co xustificante do ingreso bancario ou enviarse por correo-e a cmus.santiago@edu.xunta.gal

As prazas asignaranse por rigorosa orde de inscrición, ata un máximo de 14 alumn@s activ@s, tendo preferencia o alumnado do CMUS Profesional de Santiago.

No ingreso debe constar “Curso de frauta” e o nome do alumn@.

Nº de conta

IBAN ES04 2080 0348 30 3040011278